

**NUM-CONSULTA:** V0004-18

**ÓRGANO:** SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

**DATA DE SAÍDA:** 21.11.2018

**NORMATIVA:**

Artigos 14.Un e 16.Cinco do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG).

**DESCRICIÓN-FEITOS:**

Unha empresa quere adquirir tres leiras rústicas, existindo sobre unha delas dúas naves industriais.

**CUESTIÓN FORMULADA:**

O consultante, administrador da empresa interesada na adquisición, quere coñecer os tipos de gravame e os valores dos bens para aplicar no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais.

**CONTESTACIÓN COMPLETA:**

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do *Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda*, indícolle que a súa consulta está relacionada coas seguintes disposicións legais:

O artigo 7 do Texto refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1993, do 24 de setembro (en diante TRLITPAXD):

*1. Son transmisións patrimoniais suxeitas:*

*A) As transmisións onerosas por actos «inter vivos» de toda clase de bens e dereitos que integren o patrimonio das persoas físicas ou xurídicas.*

O artigo 10 do TRLITPAXD no seu apartado 1 recolle:

*1. A base imponible está constituída polo valor real do ben transmitido ou do dereito que se constituía ou ceda. Unicamente serán deducibles as cargas que diminúan o valor real dos bens, pero non as débedas aínda que estean garantidas con peza ou hipoteca.*

O artigo 14 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG):

*Un. Tipo de gravame xeral.*

*1. Con carácter xeral, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable á transmisión de bens inmobles, así como na constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre os mesmos, salvo os dereitos reais de garantía, será do 10%.*

Por último, o artigo 16 do TRTCG:

*Cinco. Dedución aplicable ás transmisións de solo rústico.*

*Ás transmisións inter vivos de solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % da cota. A estes efectos entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 15 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción, a dedución non se estenderá á parte da cota que se corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que se asenta.*

A remisión ao artigo 15 da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ha de entenderse ao actual artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establece o seguinte:

*1. Terán a condición de solo rústico:*

*a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público*

*marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.*

*b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o medio ambiente ou a seguridade e saúde.*

*c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non consideren adecuados para o desenvolvemento urbanístico, en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.*

*2. Dentro do solo rústico distinguirase o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de especial protección.*

Con base nas disposicións citadas, e acerca da consulta formulada infórmolle que:

En primeiro lugar é necesario contextualizar e distinguir, tal e como realiza o artigo 85.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (en diante LXT), nas letras c) e d), as consultas tributarias escritas e as actuacións previas de valoración. As primeiras, teñen o seu amparo normativo nos artigos 88 e 89 da LXT e os artigos 65 a 68 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo (en diante RD 1065/2007) e, as segundas, no artigo 90 da LXT e o artigo 69 do RD 1065/2007. Trátase, por tanto, de conceptos diferentes, tratados en artigos distintos e para os cales o RD 1065/2007 dedica subseccións propias, derivándose diso unha tramitación distinta. Por unha banda, segundo o artigo 5 do Decreto 30/20017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, a contestación das consultas tributarias escritas con efecto vinculante relativas aos tributos cedidos polo Estado á Comunidade Autónoma, corresponderá á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da devandita Consellería, mentres que

os órganos competentes para informar sobre o valor a efectos fiscais dos bens inmobles que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión será, segundo dispón o artigo 31 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto, as Unidades de Valoración Inmobiliaria das distintas delegacións da Axencia Tributaria de Galicia.

Polo exposto, só cabe informar con carácter vinculante respecto dos tipos de gravame a aplicar no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais. Con todo, cabe informar que se vostede desexa solicitar unha valoración nos termos do artigo 90 da LXT e 69 do RD 1065/2007 poderá facelo dirixíndose á Unidade de Valoracións Inmobiliarias da Axencia Tributaria de Galicia que sexa competente segundo a situación do ben, empregando para iso os formularios que ten á súa disposición na páxina web da Axencia Tributaria de Galicia e presentando o xustificante de pago da taxa correspondente, segundo o disposto no artigo 26 do TRTCG.

Con relación ao tipo de gravame aplicable na transmisión de bens inmobles, tal e como prevé o artigo 14.un do TRTCG, será do 10%.

O TRTCG regula no artigo 16.cinco unha dedución aplicable ás transmisións de solo rústico, nos seguintes termos:

*Ás transmisións inter vivos de solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % da cota. A estes efectos entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 15 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción, a dedución non se estenderá á parte da cota que se corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que se asenta.*

Por tanto, se os bens transmitidos teñen a consideración de solo rústico segundo os requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que substitúe ao artigo 15 da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderá aplicarse a dedución nos termos previstos no artigo 16.cinco do TRTCG.

O que comunico a Vde. con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.